



POLÍTICA DA CALIDADE

No noso afán de servizo público sen ánimo de lucro, METEOGALICIA, como Servizo Meteorolóxico de Galicia dependente da *Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático* da *Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* da *Xunta de Galicia*, proporciona as organizacións, medios de comunicación, e en xeral aos cidadáns, a información relacionada coa observación e predición meteorolóxica, colaborando ademais, cos organismos oficiais e outras entidades no estudo do clima do país.

A visión de METEOGALICIA non é outra que constituír un referente en Galicia no eido da meteoroloxía, mediante a consolidación da nosas Redes de Observación e Sistemas de Predición, así como levando a cabo Actividades de Formación Meteorolóxica, ofrecendo aos nosos usuarios un servizo competente e de confianza. A transparencia no servizo prestado e a confianza dos usuarios, son dous dos principios básicos da nosa política de xestión.

A *Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* consciente da importancia de alcanzar os propósitos mencionados, ten implantado en METEOGALICIA un sistema de xestión da calidade baseado nos requisitos da norma internacional **UNE EN ISO 9001:2015**. Por iso establece, declara e asume os seguintes principios:

- ↻ A **confianza** dos nosos usuarios no servizo que lles prestamos, é fundamental para constituír unha entidade de prestixio, por iso, lograr atender as súas necesidades cun trato profesional e honesto é a nosa prioridade.
- ↻ Garantir o cumprimento dos **requisitos normativos e os propios**, co fin de asegurar a **transparencia e exhaustividade** da información proporcionada aos nosos usuarios.
- ↻ Asegurar un grao óptimo de **capacitación e competencia** do persoal no desenvolvemento dos traballos mediante o fomento e planificación das accións formativas.
- ↻ Garantir a **participación e motivación** de todos os traballadores de METEOGALICIA mediante a integración activa nos procesos de xestión da calidade: propostas de mellora, suxestións, autorresponsabilidade na execución dos traballos, etc.
- ↻ **Avaliar e mellorar** constantemente o noso servizo, dende a captación ata a elaboración posterior dos datos que chegan aos nosos usuarios, mediante **accións planificadas de detección, prevención e corrección** en todo o ciclo.

A Dirección Técnica de METEOGALICIA establece ademais, uns **Obxectivos de Calidade** medibles e coherentes cos principios declarados nesta Política a cal é revisada anualmente pola *Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático* para a súa continua adecuación.

Esta Política dáse a coñecer a todas as partes interesadas e ao público en xeral, mediante exposición e difusión pública.


María Cruz Ferreira Costa
Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

